




Área / Unidad GESTION DE DEPORTES DJ1000 EBS.	Documento 21117I035X	
Código de verificación  0Y0K 0Q4T 4J2I 255R 0P0Q	Expediente 211/2023/598	
	Fecha 21-07-2023	

ÁREA DE FOMENTO E PROMOCIÓN DA CIDADE

Asunto: prórroga da convocatoria de usos das instalacións deportivas municipais destinadas a actividade física e adestramentos. Tempada 2023-2024

Logo de ver o informe proposta que antecede e en virtude das competencias que me atribúe a lexislación vixente, resolvín

DECRETO

O Concello da Coruña, conforme ao disposto no art. 25.2.I) da Lei reguladora das bases de réxime local vixente (LRBRL) así como o art. 8 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia (LDG), ten entre outras competencias a da promoción e fomento da práctica do deporte, contribuíndo á mellora da condición física en xeral, e á integración social a través do deporte.

En particular correspóndelle ao Concello, para os efectos que aquí interesan, como prestación de servizo obrigatorio (art. 26.1.c da LRBRL): a xestión das instalacións deportivas municipais (art.8.2 LDG). Ase mesmo, tamén lle corresponde ao Concello adoptar medidas que acheguen as actividades físico deportivas a toda a veciñanza, especialmente cando se canaliza a través do tecido asociativo; xa que se logra unha maior optimización do uso das instalacións.

Neste sentido e en beneficio das entidades deportivas o Concello da Coruña pon á súa disposición aquelas instalacións deportivas das que é titular e aquelas outras que lle son cedidas en virtude de convenios de colaboración con outras Administración Públicas.

Na tempada 2022-2023 aprobouse unha convocatoria de usos das instalacións deportivas municipais que, posteriormente, sufriu algunhas modificacións en función dos usos e necesidades dos clubs e entidades deportivas da cidade.

Para a tempada 2023-2024, en tanto non se dispoña de mais instalacións deportivas municipais e co fin de facilitar que as entidades poidan marcar un calendario para os seus adestramentos a partir do mes de setembro, vaise prorrogar a convocatoria de usos das IDM en base ao último reparto publicado na páxina web de Deportes o día 27.02.2023.



Esta prórroga inclúe non so o uso das IDM do Concello da Coruña e que son xestionadas directamente, senón tamén as da Universidade da Coruña (UDC) e a Deputación da Coruña cuxos usos ten cedidos o Concello en virtude de convenio de colaboración asinado entre ambas entidades.

Os usos están destinados a adestramentos deportivos e actividade física.

Os ditos usos faranse nas condicións fixadas pola Convocatoria e Instrución da tempada 2022-2023.

As entidades de nova creación, aquelas que non obtiveron usos na anterior convocatoria ou aquelas que dispoñen de usos pero que presentan algunha variación dos criterios obxecto de baremación e que queiran poñela de manifesto, poderán alegar contra a dita prórroga.

Poderanse outorgar novos usos a aquelas entidades que se constituíron durante a tempada 2022-2023 e que polo tanto non puideron participar na convocatoria, sempre e cando se dispoña de horas en instalacións deportivas e sempre e cando as entidades cumpran os requisitos para participar na Convocatoria que se prorroga (punto 5). O reparto, de ser o caso, realizarase previa deliberación por parte da Mesa de Valoración, respectando os criterios establecidos no punto 6 e baixo a baremación do punto 7 da Convocatoria 2022-2023.

As horas distribuiranse de luns a venres, como norma xeral, e naquelas instalacións sinaladas durante a fin de semana, sempre respectando as reservadas pola Concellaría de Deportes para o desenvolvemento das súas actividades e Escolas Deportivas así como as xa repartidas na derradeira distribución de usos.

As alegacións presentaranse a través da sede electrónica no prazo de QUINCE (15) días naturais desde o día seguinte á publicación da resolución de prórroga na páxina web municipal de Deportes.

A competencia para prorrogar a convocatoria de usos das instalacións deportivas municipais correspóndelle á Alcadesa, a cal lle foi delegada ao concelleiro responsable da Área de Fomento e Promoción da Cidade mediante Decreto do 21.06.2023 (DEC/AYT/4538/2023).

Tendo en conta todo o exposto, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a prórroga da Convocatoria de usos das instalacións deportivas municipais 2022-2023 para a tempada 2023-2024, **con efectos a partir do 4 de setembro de 2023.**

Os usos que se prorrogan son os correspondentes ao último reparto acordado e publicado na páxina web de Deportes o día 27.02.2023 e que se achega como Anexo a este Decreto formando parte del.

A distribución de usos afecta tanto ás instalacións deportivas das que é titular o Concello da Coruña, como ás cedidas pola Universidade da Coruña (UDC) e a Deputación da Coruña.

A distribución outorga usos para adestramentos deportivos dirixidos á competición e para a actividade física.



Segundo.- Requerir ás entidades que dispoñen de usos prorrogados para que acheguen a **documentación preceptiva** indicada na Convocatoria de usos 2022-2023 así como na Instrución da dita tempada, **co fin de que poidan facer uso das instalacións deportivas**.

Terceiro.- Abrir un prazo de QUINCE (15) días naturais a partir da publicación deste Decreto na páxina web municipal de Deportes para que, aquelas entidades de nova creación, aquelas que non obtiveron uso na anterior convocatoria ou as que dispoñendo de horas de uso queiran manifestarse sobre a prórroga, aleguen o que estimen oportuno.

As alegacións deberanse presentar por sede electrónica dirixidas á Concellaría de Deportes.

Cuarto.- Nomear, en aplicación do disposto no apartado 9.3 das bases reguladoras da Convocatoria para a tempada 2022-2023, ás seguintes persoas como compoñentes da Mesa de Avaliación:

Presidenta: Eva Blanco Sánchez, xefa do Servizo Municipal de Deportes.

Na súa ausencia, actuará como suplente a/o xefa/e de departamento do devandito servizo.

Vogais:

Antonio Pedraz Pollo, director de instalacións deportivas

Alexandre Fernández Fernández, técnico superior deportivo

Pablo Chacón Souto, técnico superior deportivo

No caso de ausencia dalgún dos vogais anteriores actuará como suplente Pablo Castedo, xefe de sección de Deportes.

Secretaria: Paula Solórzano Prieto, auxiliar de deportes.

Na súa ausencia actuará como suplente Socorro Naveira Martínez, xefa da unidade administrativa.

A Coruña, a data de sinatura electrónica do documento

Alcaldesa, p.d.

O concelleiro delegado da Área de Fomento e Promoción da Cidade
(Decreto do 21.06.2023, código DEC/AYT/4538/2023)

Gonzalo Henrique Castro Prado